| **UNIDADE 6** | **B1.1**<br>**B3.1**<br>**B4.1**<br>**B5.2**<br>**B5.6**<br>**B5.8** | ▪ B1.5 Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a se-cuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan. | **CCL**<br>**CSC**<br>**CAA**<br>**CCEC** | PLEB1.7 Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.<br>PLEB1.8 Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). | **100%**<br>**100%** | **5%**<br>**5%** | 70% | 10% | 20,% | **X** | | | | | | |
| | | ▪ B3.6 Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, si-tuacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo. | **CCL**<br>**CAA**<br>**CCEC**<br>**CSC** | PLEB3.8 Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | **80%** | **15%** | | | | | **X** | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | ▪ B4.6 Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minús-culas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcio-nais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas. . | **CCL**<br>**CAA** | PLEB4.8 Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | **80%** | **15%** | | | | | **X** | | | | | |
| | | ▪ B5.2 Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográ-ficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). | **CCL**<br>**CAA**<br>**CCEC**<br>**CSC** | PLEB5.2 Produce textos escritos en diferentes sopor-tes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | **100%** | **10%** | | | | **X** | | | | | | |
| | | ▪ B5.8 Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacio-nados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión. | **CCL**<br>**CAA**<br>**CSC** | PLEB5.6 Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica | **100%** | **30%** | | | | | | | | | | |
| | | ▪ B5.9 . Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | **CCL**<br>**CAA**<br>**CD** | PLEB5.7 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilin-güe. | **100%** | **20%** | | | | | | | | | | |

**LENDA**

**COMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| **CCL** | **Comunicación lingüística** |
| **CMCCT** | **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía** |
| **CD** | **Competencia dixital** |
| **CAA** | **Competencia aprender a aprender** |
| **CSC** | **Competencias sociais e cívicas** |
| **CSIEE** | **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** |
| **CCEC** | **Conciencia e expresións culturais** |

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| **CL** | **Comprensión lectora** |
| **EOE** | **Expresión oral e escrita** |
| **CA** | **Comunicación audiovisual** |
| **TIC** | **Tecnoloxías da información e comunicación** |
| **EMP** | **Emprendemento** |
| **EC** | **Educación cívica** |
| **PV** | **Prevención da violencia** |

## 5.Metodoloxía didáctica

**Estratexias metodolóxicas**

**Aspectos xerais**

Nos primeiros días do curso farase unha revisión dos coñecementos do alumnado para observar os problemas máis inmediatos.Quizá sexa convinte realizar algunha proba escrita de carácter informativo para o profesor. Intentarase detectar problemas en todos os aspectos. Faranse actividades escritas (exercicios gramaticais, pequenas redacións, etc) e actividades orais (listening e speaking)

Con toda a información recollida poderase detectar os primeiros problemas e tomar algún tipo de medida se fose necesario cos alumnos que non teñen acadados os mínimos do curso anterior ( alumnos coa materia pendente, aqueles con necesidades educativas especiais, etc) . A todos aqueles alumnos que o necesiten facilitaráselles traballo adecuado para que poidan cubrir as súas carencias desde o principio.

En caso de non detectar problemas a principios do curso, poderase tomar medidas en calquer momento.

En canto ao traballo de aula, intentarase combinar o traballo individual, por parellas e en grupos. Farase todo tipo de actividades( de gramática, exercicios orais, etc). Sempre que sexa posible farase uso das TIC para facer traballos, practicar estruturas, adquirir vocabulario...

Todas as actividades enfocaranse a reforzar os contidos correspondentes desde todos os enfoques posibles: traballo escrito e traballo oral.

O profesor estará pendente en todo momento de que os seus alumnos vaian asimilando os contidos correspondentes. Aqueles que resulten máis complicados, reforzaranse co material extra necesario.

**Estratexias metodolóxicas**

Os alumnos terán que ir asimilando vocabulario, estruturas gramaticais, etc. De cando en vez, o profesor preguntará, ben por escrito ou oralmente, a materia que se esté a explicar. Traballarase cos seus libros de texto pero tamén poderá aportarse material para reforzar ou ampliar algún contido cando se considere necesario.

Utilizaranse periódicos, revistas, textos, cancións... . Faranse tamén xogos para traballar vocabulario e estruturas. Con frecuencia os alumnos terán que preparar “roleplays” . Todo o traballo oral estará enfocado a poder valorar todos os estándares de aprendizaxe dos bloques 1 e 2.

Seguindo o plan lector do centro, cada trimestre os alumnos terán que ler un libro adaptado ao seu nivel educativo. Será traballado na aula, sempre e cando máis da metade dos alumnos leran o libro dentro do plazo acordado. En caso de que non o leran, non se traballará na aula e os alumnos farán directamente a proba escrita. Se a leron, traballarase a lectura tanto oralmente como por escrito, con distintas actividades orientadas a resolver aquelas dúbidas que poideran ter e facilitarlles a proba escrita ao final do trimestre.

**Secuenciación habitual de traballo na aula**

Sempre que sexa posible o profesor intentará motivar ao alumnado de cara á asignatura. Presentaranse as actividades con fotos, textos.... o máis atractivo posibles. Trataranse temas interesantes para eles. ( deportes, internet, música, cine, etc)

O profesor intentará en todo momento deixar o máis claro posible o que lle pide ao alumnado. En caso de necesidad, buscarase material de reforzo ou de ampliación do tema a tratar.

En canto ao traballo persoal do alumno, espérase que sexa capaz de :

- Ler e comprender textos
- Responder a preguntas
- Facer preguntas
- Demostrar que aprende vocabulario e estruturas gramaticais, tanto oralmente como por escrito.

- Ser capaz de falar de si mesmo, de facer unha descrición, de contar unha historia...

En canto a avaliación terase en conta o seguinte:

- As probas de gramática, que incluirán listening, reading, writing e exercicios de gramática. Serán dúas probas por trimestre e contarán un 70% da nota de avaliación.
- A proba do libro de lectura. Farase hacia o remate do trimeste. Contará 10% da nota da avaliación. En caso de non superala, o alumno deberá un exame de recuperación.
- Valorarase o traballo de aula, os deberes, as exposicións orais, os controis, etc cun 20% da nota de avaliación.
- Os alumnos terán que entregar dúas ou tres redacións obrigatorias cada trimestre. En caso de non facelos restarase 0,3 á nota final da avaliación por cada unha que non se entregara. En caso de entregar unha redación moi deficiente ( demasiado curta, con moitos erros , copiada, etc) restarase 0.2 da nota final da avaliación.

Outras decisións metodolóxicas

1. MATERIAIS.
   O libro que vamos a utilizar é NEW ACTION 4 de Burlington. Os alumnos terán que ler tres libros, un en cada trimestre. Estes libros estarán adaptados ao seu nivel educativo.
   Utilizaranse diferentes textos e actividades ao longo do curso. Este material será sacado de diversas fontes: internet, gramáticas, outros libros, etc.
   Usaranse os ordenadores sempre que sexa posible para facer traballos, revisar os libros de lectura, practicar vocabulario e estruturas gramaticais,etc.
   Os alumnos con necesidades especiais recibirán o material adaptado correspondente.

2. LIBRO DE LECTURA
   Cada alumno terá que ler o libro na súa casa pero traballarase na clase con exercicios escritos e orais. Nese traballo de aula teranse en conta todos aqueles estándares de aprendizaxe que non aparecen nas táboas anteriores.Traballarase desde os distintos bloques:

- Bloque 3: comprensión de textos escritos. Traballaranse os seguintes estándares: PLEB3.1, PLBE3.2, PLBE3.3, PLBE3.4, PLBE3.5 e PLBE3.6.
- Bloque 4: produción de textos escritos. Traballaránse todos os estándares, especialmente o PLBE4.6.
- Bloque 2: produción de textos orais. Traballaranse todos os estándares posibles.

3. PROBAS ORAIS
   Intentarase que todos os días os alumnos poidan interactuar usando a lingua inglesa. Prepararase para eso distintas actividades e o profesor intentará valorar todos aqueles estándares correspondentes ao bloque 2 (Produción de textos orais: expresión e interacción) e ao bloque 1 ( comprensión de textos orais). Esta é unha parte moi importante no estudo dunha lingua extranxeira e, polo tanto , é imprescindible un traballo diario que se reflictirá na nota da avaliación.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS
   Ademáis dos ordenadores dos que faremos uso sempre que poidamos, a aula dispón dunha pantalla que nos permite usar o material dixital do libro de texto.

| 6. Avaliación | Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes |
|---|---|

## 6.1. Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase no 1º trimestre, durante o mes de setembro, tendo en conta a análise dos antecedentes escolares do alumnado, mediante a revisión da información que se remita dende os centros de orixe, no caso de alumnos novos no centro: resultados académicos do curso anterior, historial escolar, informes individualizados de final de ciclo, informe psicopedagóxico e problemas académicos xerais. Pretendemos así establecer o nivel de coñecementos de cada alumno, detectar as dificultades de aprendizaxe e todo o que poida dificultar o logro dos obxectivos do curso,e, se é o caso, adoptar medidas de reforzo.

Para realizar esta avaliación realizaremos nos primeiros días actividades de repaso dos coñecementos que se supoñen xa adquiridos polos alumnos e mediante a observación directa do traballo na aula sabremos o seu grado de consecución. Ademáis faremos unha proba escrita, con diferentes tipos de preguntas, para comprobar os distintos niveis de competencia curricular e poder elaborar probas específicas para aqueles alumnos que o requiran en función do criterio do profesor.
Do mesmo xeito faranse probas orais para detectar o seu nivel de entendemento e expresión da lingua extranxeira.

## 6.2. Avaliación continua

1. Como norma xeral faranse tres probas escritas cada trimestre: unha proba sobre o libro de lectura e dúas para avaliar as unidades didácticas. A proba da primeira unidade didáctica farase na metade do trimestre e a segunda unidade ao final. A correspondente proba da lectura farase tamén ao final do trimestre.Hai que ter en conta que se trata dun idioma e, polo tanto, a avaliación é continua. En cada proba poderán entrar as estruturas gramaticais dadas nas unidades anteriores.

2. A cualificación da avaliación farase do modo seguinte:

- A proba de lectura puntuarase cun 10% da nota da avaliación. En caso de non chegar a un 5 na proba escrita, o alumno terá que facer un traballo de recuperación, aprobe ou suspenda a avaliación. En caso de suspendelo, terá que volver a examinarse na proba extraordinaria.

- As probas dos contidos farán media sempre e cando a nota da última non sexa inferior a 4. Estas probas contarán o 70% da avaliación.

- O traballo da aula, os deberes, as actividades orais, actitude cara á asignatura, a libreta… contarán un 20% da nota da avaliación. Intentarase que o alumno participe oralmente todos os días para poder avaliar todos os estándares dos bloques 1 e 2 ao longo de todo o trimestre.

- Os alumnos terán que entregar dúas ou tres redaccións obrigatorias cada trimestre. En caso de non facelo, descontarase da nota final da avaliación 0,3 por cada redación non entregada.Si a redación entregada é moi deficiente ( demasiado curta, con moitos erros, copiada , etc) restarase 0.2 da nota final da avaliación.

Ao remate de cada avaliación, daráselle as notas aos alumnos. Para aprobar a avaliación é necesario ter 5 de nota final. Para acadar esta nota non haberá redondeo hacia arriba. No caso de ter aprobada a avaliación, si só faltan dúas décimas para chegar á nota superior, farase o redondeo hacia arriba sempre e cando o alumno non teña ningunha nota negativa nese trimestre (no traballo de aula, deberes, exames, redacións…). No resto dos casos, será hacia abaixo. Se a nota de avaliación é inferior a 5, o redondeo será sempre hacia abaixo.

Ao tratarse dunha língua extranxeira, non haberá recuperación xa que cada exame incluirá o visto anteriormente.

3. Cando o alumno falte a un exame terá dereito a que se repita sempre e cando :
- A falta se deba a unha cita médica documentalmente xustificada no primeiro día en que o alumno se incorpore ao centro.

- Os país ou titores falen persoalmente co profesor para xustificar a falta de asistencia por un motivo persoal importante no día en que se incorpore ao centro.
- A falta sexa pola participación do alumno nalgunha actividade cultural ou deportiva, debidamente xustificada polo centro organizador da mesma.

En todos os casos, será o profesor o que decida o día en que se lle repita o exame ao alumno.

5. Cando un traballo obrigatorio non se entregue na data acordada seguiranse as mesmas normas cas aplicadas no caso de faltar a un exame.

6. Se o alumno falta a un exame e non o xustifica adecuadamente, fará o seguinte exame debido a que se trata dunha asignatura con avaliación continua e sempre entran os contidos mínimos do dado anteriormente. De non realizar a proba, este exame será cualificado cun 1 para a media da avaliación.

7. Non haberá recuperación dunha avaliación suspensa debido ao carácter de avaliación continua que ten esta asignatura; a medida que se avance nos contidos, sempre se pedirán os mínimos vistos nas unidades anteriores.

### 6.3. Avaliación final

A nota da avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións sempre e cando a nota final da 3ª avaliación non sexa inferior a 4. Será necesario un 4.5 para aprobar a avaliación ordinaria. Non haberá redondeo hacia arriba en notas inferiores a 4.5. En notas superiores a 4.5, procederase ao redondeo hacia arriba se só faltan 5 décimas e todas as avaliacións están aprobadas. No resto dos casos, redondearase á baixa. En notas inferiores a 4.5 o redondeo será hacia abaixo.

En caso dunha avaliación final positiva pero se o alumno ten algún libro de lectura pendente para a proba extraordinaria, levará un 4 na avaliación ordinaria. Na avaliación extraordinaria terá que examinarse da lectura ou lecturas suspensas.

A última proba ordinaria constará dos contidos mínimos do curso, independentemente de ter aprobadas ou suspensas as avaliacións anteriores.
A proba constará dun listening (10%), writing (15%), Reading (15%) e exercicios de gramática (60%).

Non se aprobará a avaliación ordinaria tendo só aprobada a última avaliación si a nota media das tres avaliacións non chega a 4.5.

### 6.4. Avaliación extraordinaria

Na avaliación extraordinaria farase unha proba similar á da avaliación ordinaria. Esta proba será de mínimos e constará dun writing (15%), Reading (15%), listening (10%) e de exercicios gramaticais (60%).

Se o alumno ten aprobados os libros de lectura, só terá que facer a proba de contidos e a nota será a obtida no exame. Será necesario un 4.5 para aprobar. Os posibles redondeos, ao tratarse dunha avaliación extraordinaria, sempre serán hacia abaixo.

Se o alumno ten, ademáis dos contidos, algún libro de lectura suspenso, tamén terá que facer unha proba escrita para valorar se leu o libro. Neste caso, 80% será para a proba de gramática e 20% para o libro. O redondeo farase da maneira explicada no punto anterior.

No caso do alumno que só ten pendente un ou varios libros de lectura, terá que facer a proba correspondente. Neste caso a nota de aprobado, se é o caso, será de 5, independentemente da nota acadada na avaliación ordinaria. En caso de non presentarse,ou de suspender a proba, quedaralle suspensa toda a materia do curso.

### 6.5. Materia pendente de cursos anteriores

Os alumnos ca materia pendente do curso anterior, poderán recuperala aprobando a 1ª avaliación do curso no que están matriculados.

En caso de non recuperar a pendente aprobando a primeira avaliación, entregaráselles traballo de reforzo que irán facendo e presentando periódicamente ao profesor e, finalmente, farán o exame de maio. Este exame será escrito e constará dun writing (15%) , Reading (15%), listening (10%) e exercicios gramaticais (60%). Será unha proba de mínimos.

Para aprobar será necesario un 4.5 se o alumno non entregou o traballo aportado polo profesor puntualmente. En caso de haber entregado o traballo, poderá aprobarse cun 4. En calquera caso, o redondeo nunca será hacia arriba.

## 7. Outras avaliacións

| 7.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente (Indicadores de logro) | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Proceso de ensino:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |
| **Práctica docente:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliaciÓn,.. ? | | | | |

## 7.2. Avaliación da programación didáctica

**1.- Mecanismo revisión**

Todos os meses revisarase a programación e intentarase ir axustando o programado segundo as necesidades de cada grupo.

| 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

Observacións:

## 8. Atención á diversidade

**Medidas de atención ádiversidade no presente curso**

**MEDIDAS ORDINARIAS**

| **Medidas ordinarias** | **Medias extraordinarias** |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| 1. Adecuouse para algún alumo/a a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? non<br><br>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.<br><br>b) b) Espazos diferenciados?<br><br>c) c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?<br><br>2. Faise algún desdobramento de grupos? non<br><br>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? non<br><br>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?<br><br>non<br><br>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? non<br><br>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?<br><br>Dáselle traballo | 1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?<br><br>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?<br><br>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?<br><br>NO<br><br>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?<br><br>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?<br>Dáselle material de reforzo<br><br>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.<br><br>Si. |

Medidas de atención ádiversidade no presente curso

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

| Organizativas | Curriculares |
|---|---|
| 1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?<br><br>Co especialista en PT de Secundaria reciben apoio 6 alumnos/as<br><br>O número de alumnos/as que reciben apoio por partes do especialistas en PT/AL pode variar ao longo do curso en función das necesidades que poidan xurdir. | 1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? Si ¿Cantas?<br><br>2 alumnas de 2º de ESO ten unha ACI na áreas de Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza.<br>1alumna de 3º de ESO ten AC de inglés.<br><br>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?<br>Non<br><br>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non |
| 2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non | 4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non |
| 3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)? Non | 5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc<br>Reunións semanais da orientadora cos PT de Primaria e Secundaria e AL.<br>Reunións trimestrais de seguemento dos Agrupamentos flexibles.<br>Reunións trimestrais de seguemento das Adaptacións Curriculares Individualizadas. |
| 4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non | |

## 9. Actividades complementarias e extraescolares

Este curso académico non se ten pensado facer ningunha saída extraescolar.

## 10.Contidos, metodoloxía e avaliación en caso de ensinanza non presencial.

Debido a situación de pandemia por causa do COVID-19 non se pode descartar un confinamento parcial por causa dun contaxio ou unha ensinanza non presencial porque as autoridades sanitarias así o consideren necesario para evitar a propagación do virus.

Os contidos impartidos aos alumnos serán os que aparecen no punto 3 desta programación coa temporalización indicada, ainda que en caso de que a ensinanza sexa non presencial se incidirá principalmente nos estándares con máis peso na cualificación (punto 4).

A ensinanza non presencial sería a través da aula virtual e empregando tanto a páxina web do centro como a dirección de correo englishtaboada@gmail.com creada pola profesora o curso pasado por causa do confinamento.

A **metodoloxía** consistiría na exposición de contidos a través de vídeos e temas realizados pola profesora con exemplos e exercicios resoltos, e na realización de exercicios que deberían ser feitos e entregados polos alumnos semanalmente no plazo indicado.

En canto á **avaliación** cómpre distinguir entre unha ensinanza non presencial por un período curto ou por un trimestre:

- Período curto

O punto da parte oral e o punto de traballo dividiríanse entre o número de semanas do trimestre e se multiplicaría polo número de semanas en casa. Cada traballo entregado en prazo contaría a parte proporcional correspondente sendo puntuado en función do grao de consecución baixo, medio , alto. Un traballo entregado fora de plazo contaría cun grao de consecución baixo. O traballo non entregado terá 0 puntos.

Con respecto aos exames, e posto que a avaliación é continua, os contidos do exame a realizar no periodo de cuarentena indicado polas autoridades se avaliarían xunto cos do tema seguinte., sempre e cando a profesora teña tempo de ter unha nota de exame de avaliación. En caso contrario, se realizaría ou ben o día seguinte ao de incorporación ás aulas, ou a través da Aula Virtual e da plataforma Webex posta a disposición do profesorado. En calquera caso, a forma de realización do exame sería informada aos pais/titores a través de Abalar.

- Trimestre

Se dividirían os 2 puntos (oral e traballo) entre o número de semanas do trimestre. Cada traballo entregado en prazo contaría a parte proporcional correspondente sendo puntuado en función do grao de consecución bixo, medio e alto. O traballo non entregado tería unha nota de 0.

## 11. Datos do departamento

| Materia | Curso | Grupos | Profesor/a |
|---|---|---|---|
| Inglés | 1º ESO | A | FRANCISCA LÓPEZ |
| Inglés | 2º ESO | A | FRANCISCA LÓPEZ |
| Inglés | 3º ESO | A | FRANCISCA LOPEZ |
| Inglés | 4ºESO | A | FRANCISCA LÓPEZ |

## 12. Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)

| Elementos | Aspectos | Folla |
|---|---|---|
| a | Introdución e contextualización | Folla 2 |
| b | Contribución ás competencias básicas | Folla 14 |
| c | Concreción dos obxectivos para curso | Folla 4 |
| d | **Concreción para cada estándar** | Folla 14 |
| | 1º.- Temporalización | Folla 14 |
| | 2º.- Grao mínimo de consecución | Folla 14 |
| | 3º.- Procedementos e instrumentos av. | Folla 14 |
| e | Concrecións metodolóxicas | Folla 25 |
| f | Materiais e recursos didácticos | Folla 27 |
| g | Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción | Folla 29 |
| h | Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e p.d. | Folla 33 |
| i | Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes | Folla 32 |
| j | Procedemento acreditación coñecementos previos | Folla 29 |
| k | Avaliación inicial e medidas | Folla 29 |
| l | Medidas de atención á diversidade | Folla 35 |
| m | Concreción de elementos transversais | Folla 14 |
| n | Actividades complementarias e extraescolares | Folla 35 |
| ñ | Revisión, avaliación e modificación da programación | Folla 34 |